

VERSIÓN GALEGO**SEGUNDA PROBA PROCESO SELECTIVO CONFIGURACIÓN BOLSA
INTERINOS ADMINISTRATIVO (C1)****PRIMEIRO SUPOSTO - INFORMÁTICA**

INSTRUCCIÓN A REALIZAR SOBRE O TEXTO PROPOSTO:

1. O tamaño do papel é A4: 21 cm de ancho x 29,7 cm de alto.
2. As marxes son:
 1. esquerda e dereita a 2,5
 2. inferior e superior a 2 cm
3. O tipo de letra é Arial 10
4. Aliñación do texto xustificada.
5. Interliñado dos parágrafos 1,5; primeira liña do parágrafo a 0,5 cm.
6. O derradeiro parágrafo debe ir en grosa, suliñado y resaltado de cor amarelo.

TEXTO

As Cortes Xerais, en materias de competencia estatal, poderán atribuír a todas ou a algunha das Comunidades Autónomas a facultade de ditar, para si mesmas, normas legislativas no marco dos principios, bases e directrices fixados por unha lei estatal. Sen prexuízo da competencia dos Tribunais, en cada lei marco establecerase a modalidade do control das Cortes Xerais sobre estas normas legislativas das Comunidades Autónomas.

O Estado poderá transferir ou delegar nas Comunidades Autónomas, mediante lei orgánica, facultades correspondentes a materia de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación. A lei preverá en cada caso a correspondente transferencia de medios financeiros, así como as formas de control que se reserve o Estado.

O Estado poderá ditar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das Comunidades Autónomas, aínda no caso de materias atribuídas á competencia destas, cando así o esixa o interese xeral. Corresponde ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada Cámara, a apreciación desta necesidade.